

QUEDA CO  
TALENTO.

“APOSTAR  
POLAS  
CAPACIDADES  
DAS PERSOAS  
CON  
DISCAPACIDADE  
É UN VALOR.”

Luis Penido  
Xerente de Trameve

## **POLA INCLUSIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

### **QUE CHE APORTOU GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL Á HORA DE TRABALLAR?**

Pertencer a Galega de Economía Social supón un apoio constante na xestión da empresa, asesoramento técnico en cuestións fiscais, laborais, contables, recursos humanos...  
A toma de decisións de carácter empresarial e estratéxico é compartida e consensuada en todo momento.

### **QUE VALOR TEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA TÚA EMPRESA?**

A contratación de persoas con discapacidade forma parte da nosa misión empresarial. Para a normalización das persoas con discapacidade na sociedade é moi importante que poidan ter oportunidades laborais e poder desenvolver un proxecto de vida propio.

### **COMO INFLÚE ESTA CONTRATACIÓN NOS EQUIPOS DE TRABALLO?**

É unha situación normalizada xa que a nosa empresa é dende a súa creación un Centro Especial de Empleo de Iniciativa Social. Máis do 90% das persoas que formamos parte de Trameve temos algún tipo de discapacidade.

### **QUE DESTACARÍAS DAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE TEÑEN ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE?**

Se se acerta coa persoa candidata para cubrir un determinado posto, e se consegue un desempeño normalizado do traballo, gáñanse profesionais fieis, leais e implicados.

### **QUE LLES DIRÍAS AS PERSOAS ENCARGADAS DE CONTRATACIÓN NAS EMPRESAS PARA QUE SE ANIMEN A CONTRATAR PERSOAS CON DISCAPACIDE?**

Que non descarten a ninguén polo simple feito de ter unha discapacidade. Que se centren en detectar as capacidades que ten a persoa candidata, en ver que sexa compatible co perfil do posto a desempeñar.

### **A TRAVÉS DE QUE CANLES BUSCA O TALENTO A EMPRESA QUE DIRIXES?**

A través do departamento de Recursos Humanos de GES e do SIL, Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI.



QUEDA CO  
TALENTO.

“EN DIXARDÍN  
XERAMOS  
VALOR  
ECONÓMICO,  
MEDIOAMBIENTAL  
E SOCIAL.”

Carlos Iglesias  
Xerente de Dixardín

## POLA INCLUSIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

### QUE CHE APORTOU GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL Á HORA DE TRABALLAR?

Profesionalmente ilusionoume o proxecto. Nunca antes traballara con persoas con discapacidade e sorprendéronme moito os seus valores e como os aplican no seu día a día. Persoalmente é moi gratificante xerar oportunidades laborais para persoas que, en moitos casos, non dispoñen delas. O traballo é a mellor ferramenta ou mecanismo para favorecer a autonomía e liberdade en todos os aspectos da vida dunha persoa.

### QUE VALOR TEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA TÚA EMPRESA?

A adaptación, flexibilidade, capacidade de esforzo e superación que achegan as persoas con discapacidade á nosa empresa, conforman os valores principais da mesma. A actividade que desenvolvemos, ademais de xerar valor ambiental e sostible, crea valor social ao incorporar persoas con discapacidade no seu cadro de persoal.

### COMO INFLÚE ESTA CONTRATACIÓN NOS EQUIPOS DE TRABALLO?

Tendo en conta as capacidades de cada persoa, planifícanse tarefas para poder desenvolver os proxectos de maneira profesional e de forma sostible desde un punto de vista ambiental.

### QUE DESTACARÍAS DAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE TEÑEN ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE?

Eu resaltaría a súa lealdade cara á organización. As persoas con discapacidade, cando se lles dá a oportunidade, aprovétana ao máximo e implícanse intensamente no desenvolvemento da súa empresa.

### QUE LLES DIRÍAS AS PERSOAS ENCARGADAS DE CONTRATACIÓN NAS EMPRESAS PARA QUE SE ANIMEN A CONTRATAR PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

Cando comecei a traballar en Dixardín, os prexuízos por parte das empresas eran moi superiores aos que hai hoxe en día. Todas as persoas temos puntos fortes e débiles no desempeño de calquera actividade, pero a implicación e o empeño propios das persoas con discapacidade son aspectos a ter moi en conta á hora de contratar novos perfís profesionais.

### A TRAVÉS DE QUE CANLES BUSCA O TALENTO A EMPRESA QUE DIRIXES?

Hai varias vías... a principal é a través do Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI (SIL) que funciona como un servizo de emprego para persoas con discapacidade. Tamén hai persoas que fan algún curso de formación directamente relacionado coa nosa actividade (FP Agrícola, Xardinería, Forestal...) e ao rematar realizan prácticas na nosa empresa. En moitos casos, pasan a formar parte do noso equipo. Outra das canles que nos proporciona capital humano é o “boca a boca”, xa que moitas persoas que comezan a traballar con nós fano a través de compañeiras/os que xa están na organización.